



PROPOSTA DE ALCALDÍA

DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 336/2019 DE DATA 26.06.2019 - NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

Dase conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 336/2019 de data 26.06.2019, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local que se citan as seguintes delegacións xenéricas, referidas ás áreas que se determinan, e nas materias que no seu caso se detallan, ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do ROF, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-D. Manuel Pérez Riola: Concelleiro-Delegado de **Obras, Medio Rural, Persoal e Seguridade Cidadá.**

-D^a. Carmela Prieto Cal: Concelleira-Delegada de **Turismo, Participación Cidadá e Xuventude.**

-D^a. Magdalena Pérez Villar: Concelleira-Delegada de **Servizos Sociais e Igualdade.**

-D. Jesús Romero Carracelas: Concelleiro-Delegado de **Deportes e Praias.**

SEGUNDO.- Efectuar a favor dos concelleiros que se citan as seguintes delegacións especiais, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-D^a. Ermitas García Ríos: Concelleira-Delegada de **Cultura, Ensino e Bens de Interese Cultural.**

-D. Manuel Martínez López: Concelleiro-Delegado de **Facenda e Servizos Económicos, , Ocio e Tempo de lecer.**

SEGUNDO.- Mantense expresamente dentro das atribucións da Alcaldía-Presidencia a formalización dos contratos que o Concello firme con particulares, calquera que fose a materia sobre a que versen, tendo a condición de órgano de contratación cando non se houberse delegado expresamente na Xunta de Goberno Local ou nun Concelleiro-Delegado.

Quedan expresamente incluídos dentro da Área de Presidencia a Concellería de **Urbanismo, Medio Ambiente, Sanidade e Mar**, e calquera outro servizo ou atribución non expresamente delegada.



TERCEIRO.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.